



a ESCOLA DE ANTOÑO

Como era a escola dos nosos pais e avós?

*A*s vivencias escolares da infancia sempre foron e sequen sendo un dos temas privilexiados na memoria das persoas. O recordo lonxano dos anos vividos no colexio entre mestras e mestres, nenos e nenas, entre sorrisos e bágoas, entre pupitres, pizarra e xiz convídanos a botar unha ollada ao tempo pasado. Aquela mestra tan agarimosa, o medo aqueloutro mestre, o cheiro das gomas de borrar Milán, a algarabía dos recreos, a ilusión por aprender, a angustia dos exames, situáronnos nun tempo que, en certa maneira, se “añora”.

Sobre este tema conversan pausadamente Coché, Conchita, Blanca, Manolo e Xosé María, persoas que dun xeito ou outro están vinculadas ao colexio Santa María.

Modera esta tertulia Pilar Teijeiro, orientadora do centro, quen agradece de antemán aos componentes desta mesa as súas valiosas aportacións dende a súa ampla e variada experiencia como persoas vinculadas ao mundo educativo.

M^a Josefa Bellas

Mestra, antiga alumna e actual directora do CEIP Santa María

Xosé M^a Cendán

Antigo alumno e pai dunha alumna do centro

M^a Concepción García

Mestra e antiga directora do CEIP Santa María

Manuel Rivas

Pai de antigas alumnas e ex membro do Consello Escolar

Blanca Blanco Castro

Conxerxe e nai de antigos alumnos do colexio

Pilar Teijeiro

Mestra e actual orientadora do CEIP Santa María

MESA REDONDA

Reflexións sobre a vida na escola



Intervenientes da mesa redonda. De esquerda a dereita:

Manuel Rivas, M^a Josefa Bellas "Coché", Xosé M^a Cendán, Blanca Blanco,
M^a Concepción García "Conhita" e Pilar Teijeiro.

Pilar: Agora nos colexios xa non se escucha aquello de "La letra con sangre entra".....

Coché: Eu exactamente esa frase "a letra con sangre entra non a vivín, quizás un coscorrón cando non sabías algo.

Manolo: A frase soa moi forte, pero si se usaba. Eu non teño unha experiencia deste tipo.. aínda que sí podo dicir é que íamos á escola con medo, con moito respeito.

Dábanos moito medo dirixirnos ao profesor, aspecto que hoxe en día pasou case ao outro extremo de falta de respeito.

Os castigos eran poñerte de xeonlls, "abrir os brazos cos libros encima". Eu recordo xa de maior un castigo que non era físico pero que nos doía moito, que era mandarnos poñer de xeonlls ao lado das rapazas.

En canto aos premios, eu recordo de pequeno un premio que nos gustaba moito, que consistía en agasallarnos cun lapis ou cor. Outro premio que daba moito prestixio ante os compañeiros era cando o mestre che mandaba ir buscar tabaco ao quiosco.

"Os castigos eran coscorróns, copias, varrer a clase. Un premio importante era ir buscarse á mestra o braseiro á súa casa para traelo á escola".

M^a Josefa Bellas.
"Coché"



MESA REDONDA

Reflexións sobre a vida na escola

Conchita: Eu tampouco teño a experiencia da "letra con sangre entra". Era dócil e non tiña problemas.

Xosé M^a: Eu xa son dunha etapa posterior, finais dos 70 e comezo dos 80. Estudiei toda a vida aquí no colexio Santa María. Eu funme coa sensación de que en ningún momento vivín o de "a letra con sangre entra".

Blanca: A escola onde eu ía, cando entrabamos había algúns nenos que os castigaban, poñíannos de xeonllos; eu xa non me movía, cunha mirada a min xa me chegaba.

Pilar: As nenas recibían un trato educativo diferente ao dos nenos (escolas e/ou aulas segregadas). As nenas accedían aos niveis superiores de educación ou estes estaban só reservados para os varóns?. Falemos de estereotipos que había con respecto ás mulleres (fogar, coidado dos demás, matrimonio, maternidade). Como foi a vosa experiencia?...

Coché: O colexio tiña dúas portas (non coma hoxe en día que ten unha). Por unha porta entraban os nenos e pola outra as nenas; nin os viamos, era un mundo independiente.

Manolo: A diferenza xa era de base porque os nenos e as nenas estaban separados por aulas.

Conchita: A ensinanza era separada e xa na sociedade vivíase iso. Na escola non tiñamos contacto ningún cos nenos, nin sequera saímos xuntos no recreo.

Xosé M^a: Sempre recordo estar en clases mixtas. A día de hoxe si son consciente de que había diferenzas claras pero que asumiamos como normais.

Blanca: Nas casas que había varios irmáns, homes e mulleres, en primeiro lugar sempre eran os homes. Eles eran os que ían estudar, as mulleres se querían, máis ben aprendían a coser.

Pilar: Cómo eran as escolas, o edificio, as instalacións?; qué material usabades?

Coché: O material era un cabás de madeira, unha pizarra con dúas clases de pizarrín, pupitres de dous, os cales raspillábamos. Había un tinteiro onde facíamos nós a tinta con po de cores para

poñer os títulos, plumiñas gordas e delgadas, que esgallaban con facilidade, enciclopedia...

Manolo: O edificio no que estudiei era o colexio de "Calvo Sotelo", era todo de planta baixa, era moi bonito. Ademais do material mencionado, tiñamos compases, regras e cartabóns que nos daba a empresa.

Conchita: Eu recordo o colexio como algo marabilloso. O colexio Calvo Sotelo na miña época era un luxo. Lembro a "axuda americana", que consistía en que na hora do recreo dábannos leite e queixo de bóla.

Xosé M^a: Eu viñevolucionar o colexio. Comezamos a ter mapas físicos e políticos de España de plástico, e indumentaria deportiva.

Blanca: Recordo a pluma e os borróns. Os rapaces grandes ían a unha pedreira e collían unhas pedras, con elas afiabán nas paredes para facer os pizarrillos. O día da árbore dabannos un chusco cunha pastilla de chocolate, e todos participabamos.

"Os homes facían deporte e as mulleres como moito xogaban ao brilé. Non estaba ben visto que, os nenos xogaran ao brilé, nin as

nenas ao fútbol.

Xosé M^a Cendón.



MESA REDONDA

Reflexións sobre a vida na escola

Pilar: A formación relixiosa era unha materia escolar moi relevante?, Tiñades catecismo?, Como celebrabades a Semana Santa, o Nadal, o "Mes de María"...?. Cal é a vosa opinión sobre o pouco interese que na actualidade suscita a formación relixiosa?

Coché: A formación relixiosa estaba na escola dende o momento en que entrabamos, porque o primeiro que faciamos ao chegar era rezar. Si recordo o "Mes de María" porque era un mes no que ensaiabamos os versos para recitar na igrexa; a min encantábame.

Na actualidade na escola hai pouco interese pola formación relixiosa, como tamén acontece na sociedade.

"Nas manualidades a unha multer non se lle ocorría coller unha serra para facer maquetería e ao home non se lle ocorría facer macramé".

Manuel Rivas



Manolo: A relixión tiña un papel relevante, reflexo da sociedade na que vivíamos.

Conchita: Eu recordo o catecismo perfectamente, podo repetir a maior parte del de memoria, pregunta e resposta.

Xosé M^a: Si recordo a relixión presente no colexio. Na actualidade considero que a formación relixiosa debería estar no plano educativo.

Blanca: Na miña escola non dabamos relixión. A min gustábame estudiala e ir á misa.

Pilar: Que acontecía cos nenos e nenas que tiñan algúnsa deficiencia?. Tedes algún recuerdo en concreto?. Que atención recibían?

Coché: Non recordo nenos con minusvalía.

Manolo: Eu tampouco recordo nenos deficientes na escola.

Conchita: Eu non recordo ter compañeiros/as deficientes na escola. Estou pensando que tiña que haber nenos diferentes pero supón que non ían á escola.

Xosé M^a: A realidade dos nenos/as deficientes existía, pero non acudían á escola. As propias nais non os levaban á escola.

Blanca: Na escola nunca houbo ningún neno deficiente. Cando nos xuntabamos a fin de semana os nenos, pais..., se había algún neno que non pronunciaba ben, os outros ríanse del.

"Eu recordo o colexio como algo marabiloso. O colexio Calvo Sotelo na miña época era un luxo. Lembro a "axuda americana", que consistía en que na hora do recreo dabannos leite e queixo de bóla".

Conchita



Pilar: Que iconos escolares perviven na nosa memoria?

Coché: Nas clases sempre había un Cristo grande, a un lado e a outro a foto de Franco e de José Antonio Primo de Rivera. Recordo tamén a esfera enriba da mesa e os servizos velllos e sucios.

Manolo: Os crucifixos..., vivín o cambio de cando se pasou da foto de Franco á foto do rei, os mapamundi, o globo terráqueo, o teléfono negro enriba da mesa do mestre...

Conchita: Recordo o crucifixo., a foto de Franco e José Antonio. Nunha ocasión viñera Franco a inaugurar a empresa e saímos todos/as cunha bandeiriña a saudalo.

Xosé M^a: Eu recordo a foto dos reis e o esqueleto do colexio Santa María.

Blanca: A foto de Franco e José Antonio, mapas velllos e rotos, esferas vellas. En xeral, o material era bastante vello.

Pilar: Na vosa infancia todos os nenos ían á escola ou só aqueles que a súa familia podía costear os seus estudos?. O ensino obligatorio e gratuito estaba xeneralizado?

Coché: Na primaria todos os meus amigos ían á escola; había un matiz: a mestra como gañaba pouco daba pasantía, e ás pasantías só ían os que tiñan máis poder adquisitivo.

Manolo: Todos os nenos/as ían á escola. Non recordo a ningúen que se quedara sen ir á escola.

Conchita: Eu tampouco o recordo.

Xosé M^a: No meu caso xa estaba totalmente universalizada.

Blanca: Había algúns nenos que cando tiñan que traballar na casa, na labranza non podían ir á escola. Tanto quedaban dous días como unha semana. Algúns nenos xa deixaban a escola antes de rematar para traballar na casa.

Pilar: Considerades que a formación de antano era más completa ca de hoxe?. Os nenos de hoxe en día están ,menos motivados polas tarefas escolares?. Que ocorre coas "catro regras" que todos os nenos de antes

adquirían?. Inflúe na actualidade a violencia, reflexo da sociedade, na aprendizaxe escolar?.

Coché: Eu non me atrevería a dicir se a formación de antes era más completa ca de hoxe. Era diferente. Antes estudiábase máis,; hoxe o que teñen son moitos recursos, moitas técnicas.

Manolo: Posiblemente tivemos tanta formación coma a de hoxe en día. Estabamos moi preparados para vivir naquela sociedade, mentres que os nenos actuais non están para a de hoxe en día.

Conchita: Na actualidade abordan moitas cousas, pero así non teñen tan afianzadas os conceptos como antes. Hoxe non se esforzan porque lles damos todo feito. Deberíamos transmitirles interese e esforzo. Recordo que con 9 anos xa tiña que escribir sen faltas de ortografía, expresarme a nivel oral e escrito perfectamente, aspecto que hoxe en día non cumplen os rapaces de 15 anos.

Xosé M^a: Considero que hai menor nivel de esixencia e que agora, na actualidade hai moitas más materias que antes non se estudiaban.

A escola de hoxe en día non é peor nin mellor ca de antes, simplemente hai outras posibilidades e outros recursos distintos aos de antes.

Blanca: Eu considero que antes había que esforzarse máis. Agora danles todo feito.

"Había algúns nenos que cando tiñan que traballar na casa, na labranza, non podían ir á escola. Tanto quedaban dous días como unha semana. Algúns nenos xa deixaban a escola antes de rematar para traballar na casa".

Blanca



MESA REDONDA

Reflexións sobre a vida na escola

Pilar: Hai algúun mestre/a que recordades especialmente? Como era?

Coché: Aquela figura dese mestre que a min como mestra me gustaría que me recordasen, eu non a teño.

Manolo: Si recordo a un mestre, Don Dimas, un home doce, tranquilo..., se facías unha travesura el sempre tiña a paciencia de explicarce sen levantarxe a voz; non llo facía a ningúén, era moi agarimoso.

Conchita: A miña mestra, Dona Marciala, era moi esixente, moi seria, pero recórdoa con agarimo.

Xosé M^a: Eu teño un bo recordo de todos os profesores. Na 2^a etapa quizais foi donde máis me acerquei aos profesores polo tipo de actividades que facíamos (periódico Chorima, visitas...)

Blanca: Recordo a un mestre que tiña un fillo que pegaba a todos os nenos, pero como era fillo do profesor non lle facían nada.

Pilar: E para rematar...éradess bos estudantes? Os vosos mestres tiñan que castigarvos?

Coché: Eu recordo reglazos na man por non saber situar as provincias no mapa e por non saber o catecismo. Creo que non era mala estudante.

Manolo: Era bo estudante. Daquela levábase o castigo xenérico "de xeonllos". Non recordo castigos grandes.

Conchita: Non era boa estudante, pero na miña casa estaban moi pendientes de min e entón tiña que estudar á forza.

Xosé M^a: Os dous últimos anos porteime fatal, foi cando empecei a decantarme polas letras, non quería estudar nin matemáticas.

Blanca: A min gustábame moito estudar, ler, e as matemáticas; pero escribir non me gustaba nada.